

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6/09/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Adxudicación definitiva Iluminación Paseo Marítimo Praia Langosteira .-
- 4º.- Adxudicación Contrato menor Plan Control Calidade Obra Agader 2018.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **6/09/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 29 de Agosto de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MARIAN RODRÍGUEZ TOUCEDA**, (Rexistro de Entrada 1.665 de 14/06/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación do cuarto de baño da vivenda (Referencia Catastral 8605112MH7580N0001YT),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CARMEN MARÍA CANOSA LADO, (Rexistro de Entrada 1.800 de 27/06/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación da cuberta da vivenda (Referencia Catastral 001401200MH75F0001XL),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

B) DEVOLUCION INGRESOS INDEBIDOS

Vista a petición formulada por parte de FISTERRACONS S.L. con CIF B15961154 e domicilio social na Avenida de Galicia, 19 deste Termo Municipal de Fisterra sobre devolución de Ingreso polo importe de 2.246,45 € efectuado o día 12 de Abril de 2016 a través da Entidade ABANCA Corporación Bancaria por no ter previsto levar a cabo as Obras de construción dunha vivenda unifamiliar a emprazar nunha parcela sita na zona de Mar de Fora con Licenza Urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 31 de Marzo de 2016,

Resultando que requerido Informe da Policía Local, como encargada da vixilancia urbanística, éste foi emitido o día 30 de Agosto de 2018 onde queda a creditado que non foron executadas obras nesa zona, nin se ten indicios de que se vaia construír,

Considerando que non transcurriron Catro anos desde que se fixo o ingreso nas arcas municipais na Entidade Bancaria referida e polo tanto non existe prescripción para solicitar a súa devolución,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda proceder a Devolución deste Ingreso Indevido polo importe de Dous mil douscentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (2.246,45 €) en concepto do Imposto sobre Construcciones, Instalacions e Obras liquidado por parte desta Corporación.-

3º.- Adxudicación definitiva Iluminación Paseo Marítimo Praia Langosteira

Examinado o expediente por tramitación ordinaria mediante procedemento Aberto Simplificado para levar a cabo a Contratación da Subministración denominada "Iluminación do Paseo Marítimo da Praia Langosteira - Fisterra " cun presuposto de licitación de **Corenta e cinco mil oitocentos oitenta e dous euros con vinte céntimos (45.882,20 €)** incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro da Subvención outorgada para dita finalidade por parte da **Dirección de Turismo de Galicia,**

Resultando que a Mesa de Contratación en reunión de data 16 de Agosto de 2018 admitiu as seguintes Empresas :

DENOMINACION
A) Grupo Mariño Obras y Servicios S.L.
B) Electrificaciones Miñones S.L.
C) Elecnor S.A.
D) Instalaciones Eléctricas Casais S.L.
E) Marcelino González Estévez
F) Eficiencia y Servicios Integrales S.L.
G) José Ramón Quintáns Romero

A excepción da denominada Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L. que foi rechazada toda vez que ofertaba unhas balizas de 300 mm podendo chegar incluso a 1000 mm, non determinando o licitador a proposta exacta formulada ante esta Administración que non se axusta as previstas na Memoria Técnica redactada polo Departamento de Urbanismo onde se establecían unhas dimensións aproximadas de 250 mm de altura e 170 mm de diámetro.-

Resultando que as ofertas a valorar foron as seguintes:

EMPRESA	OFERTA / BAIXA	AMPLIACION PRAZO GARANTIA INSTALACION	AMPLIACION PRAZO GARANTIA PRODUCTOS	REDUCCION PRAZOS
A) Grupo Mariño Obras y Servicios S.L.	41.060,14 € / 4.822,06 €	3 anos	3 anos	7 semanas
B) Electrificaciones Miñones S.L.	41.064,50 € / 4.817,70 €	3 anos	0 anos	6 semanas
C) Elecnor S.A.	33.875,95 € / 12.006,25 €	3 anos	3 anos	10 semanas
D) Instalaciones Eléctricas Casais S.L.	36.275,80 € / 9.606,40 €	3 anos	0 anos	4 semanas
E) Marcelino González Estévez	40.997,83 € / 4.884,37 €	0 anos	0 anos	10 semanas

F) Eficiencia y Servicios Integrales S.L.	42.094,69 € / 3.787,51 €	3 anos	0 anos	4 semanas
G) José Ramón Quintáns Romero	43.560,00 € / 2.322,20 €	3 anos	1 ano	4 semanas

Resultando que aplicando os criterios previstos no Prego de Cláusulas administrativas que serviron de base para a licitación, resulta a seguinte:

EMPRESA	OFERTA	AMPLIACION PRAZO GARANTIA INSTALACION	AMPLIACION PRAZO GARANTIA PRODUCTOS	REDUCCION PRAZOS	PUNTUACION TOTAL
A) Grupo Mariño Obras y Servicios S.L.	2,94	3	3	2,1	11,04
B Electrificaciones Miñones S.L.	2,94	3	0	1,8	7,74
B) Elecnor S.A.	6	3	3	3	15
C) Instalaciones Eléctricas Casais S.L.	5,16	3	0	1,2	9,36
D) Marcelino Gonzalez Estevez	2,98	0	0	3	5,98
E) Eficiencia y Servicios Integrales S.L.	2,31	3	0	1,2	6,51
F) José Ramón Quintans Romero	1,42	3	1	1,2	6,62

Resultando que a Mesa de Contratación nesta mesma reunión, considerando que a proposición da Empresa de mellor oferta **ELECNOR S.A. con CIF A48027056**, era de principio, desproporcionada, acordou Requerir a mesma para que no prazo de Cinco días hábiles contados a partir do día seguinte o recibo da comunicación presentara unha xustificación axeitada das circunstancias que lle permitan executar a oferta realizada para dita Subministración tanto na parte económica, garantía de instalación, produtos e redución de prazo axustándose a Memoria Técnica que serviu de base para a licitación.-

Considerando que a citada Empresa presentou dentro do prazo a documentación solicitada e que foi examinada pola Mesa de Contratación na reunión do día 29 de Agosto de 2018, sendo emitido Informe Técnico co seguinte contido:

"Vista a documentación presentada por parte da **Empresa ELECNOR S.A.** ó número 2.433 do Rexistro Xeral de Entrada de data 24 de Agosto de 2018 xustificativa da Baixa Temeraria resultante entre todas as Ofertas, polo importe de 33.875,95 € incluído o Imposto sobre o Valor Engadido que supón unha redución de 12.006,25 € en relación co tipo de licitación, indicase que:

A) Presentase o Presuposto número 18.0511.00 de data 31 de Xullo de 2018 da Empresa Setga S.L.U. a nome da Empresa ELECNOR S.A. por importe total de Doce mil oitocentos un euros con setenta e catro céntimos (12.801,74 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido para subministro de Balizas.-

Como consecuencia de que o Compromiso presentado nin é orixinal, nin está asinado a súa conformidade pola representatividade da Empresa subministradora, esta Secretaria entende que non pode ser admisible ó non ofrecer unha garantía real para esta Corporación.-

Así mesmo as características técnicas que se ofrecen das balizas a instalar non se axustan as previstas na Memoria Técnica que serviu de base para a licitación.--

B) Presentase Oferta número 25011909 de data 6 de Agosto de 2018 da Empresa Amara S.A.U. a nome da Empresa ELECNOR S.A. por un importe total de Mil setecentos cincuenta e seis euros con setenta e un céntimos (1.756,71 €) coa indicación de Impostos non incluídos. -

Como consecuencia de que o Compromiso presentado nin é orixinal, nin está asinado a súa conformidade pola representatividade da Empresa subministradora, esta Secretaria entende que non pode ser admisible ó non ofrecer unha garantía real para esta Corporación.-

C) Presuposto 252 de data 6 de Agosto de 2018 da Empresa Dielectro Industrial S.A.U. para Cadro Eléctrico de protección por un importe bruto de Tres mil cento vinte e seis euros con sesenta e dous céntimos (3.126,62 €).-

Como consecuencia de que o Compromiso presentado nin é orixinal, nin está asinado a súa conformidade pola representatividade da Empresa subministradora, esta Secretaria entende que non pode ser admisible ó non ofrecer unha garantía real para esta Corporación.-

D) Tendo en conta que na Memoria Técnica que serveu de base para a licitación indicada estaba prevista:

**UNHA GARANTIA DE INSTALACIÓN DE 2 ANOS
UNHA GARANTIA DE LUMINARIAS INSTALADAS DE 5 ANOS**

E que a Empresa ELECNOR S.A. ofreceu na proposición o seu Compromiso de:

**UNHA AMPLIACION NO PRAZO GARANTIA INSTALACION EN 3 ANOS MAIS.-
UNHA AMPLIACION NO PRAZO GARANTIA LUMINARIAS EN 3 ANOS MAIS.-**

Ampliacións que foron valoradas pola Mesa coa puntuación correspondente de conformidade co previsto no Prego de Clausulas.-

Resultando que dentro da documentación presentada como Xustificación, non aparecen as CERTIFICACIÓNS DE GARANTIA que acrediten un Compromiso de CINCO ANOS PARA A INSTALACIÓN e de OITO ANOS PARA AS LUMINARIAS, entende esta Secretaría que non pode ser admisible para esta Corporación.-

E) Achégase unha declaración na que as actuacións para a Subministración se resolven con Maquinaria e aporta relación da mesma así como Documentación, é dicir:

- Camión con cesta e pluma ata 500 kg con aislamiento eléctrico.-
- Todo terreo 4 x 4 de 5 prazas e caixa cerradas.-
- Todo Terreo 4 x 4 con cesta con aislamiento eléctrico.-

Pero non achega os costes do uso e mantemento da maquinaria nin outro tipo de xustificación documental.-

F) En canto a Oferta realizada achégase únicamente unha folla comparativa dos costes e o importe total da Subministración pero non aporta documentación que xustifique os prezos unitarios.-

En consecuencia, en base ás razóns antes expostas, Conclúese que a xuízo desta Secretaria non quedan suficientemente xustificadas os prezos nin as garantías dos Sumistros para que por parte desta Corporación sexa aceptada dita Baixa Temeraria .-"

Considerando que como consecuencia delo, acordouse pola Mesa de Contratación de conformidade co disposto na Clausula Décimo Sexta do Prego Requerir a seguinte Empresa de mellor oferta, Grupo Mariño Obras y Servicios S.L. con CIF B15494594 para que no prazo de Sete días hábiles desde a data de envío da comunicación, constitúa a garantía definitiva equivalente o 5% do prezo ofertado excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, Certificacións acreditativas de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Facenda Pública e coa Seguridade Social así como a documentación de que dispón efectivamente dos medios comprometidos a dedicar na Subministración.--

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación solicitada o día 4 de Setembro de 2018 a través do Rexistro Xeral de Entrada número 2530,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.-Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Grupo Mariño Obras y Servicios S.L. con CIF B15494594 e domicilio social no Polígono Industrial de Ponteceso (Parcela C17) desa localidade (CP 15110), Provincia de A Coruña nun importe de Trinta e tres mil novecentos trinta e catro euros (33.934,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Sete mil cento vinte e seis euros con catorce céntimos

(7.126,14 €) que supón unha baixa de Cincocentos oitenta e tres euros con setenta e tres céntimos (4.822,06 €) en relación co tipo de licitación.--

2º.-Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non máis tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados, publicándose no Perfil do contratante aos efectos legalmente establecidos.-

3º.-Designar como Técnico Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación.--

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Adxudicación Contrato menor Plan Control Calidade Obra Agader 2018.-

Á vista do expediente tramitado mediante Contrato Menor para adxudicación de prestación do servizo de control de calidade durante a execución da Obra denominada " Plan Camiños Municipais 2018-2019 " Subvencionada por AGADER cun importe de licitación de Catro mil douscentos trinta e cinco euros (4.235,00 €) incluído o Impostop sobre o valor Engadido,

Vistas as ofertas presentadas polos licitadores requeridos e presentados dentro do prazo indicado, resulta o seguinte :

DENOMINACIÓN	OFERTA	IVE	BAIXA
Geonor Servicios Técnicos S.L.	2.785,00 €	584,85 €	865,15 €
Carmen Bouza Garcia	3.050,00 €	640,50 €	544,50 €
Applus Norcontrol S.L.U.	3.411,00 €	716,31 €	107,69 €

Seguidamente a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Adxudicar a prestación do Servizo en favor da Empresa Geonor Servicios Técnicos S.L. con CIF B15797533 e domicilio social no Polígono Industrial Espíritu Santo, Rúa Bell, 7 da localidade de Cambre (CP 15650) nun importe total de Dous mil setecentos oitenta e cinco euros (2.785,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Cincocentos oitenta e catro euros con oitenta e cinco céntimos (584,85 €) ó tratarse da proposta económica mais vantaxosa, dado que supón unha baixa de Oitocentos sesenta e cinco euros con quince céntimos (865,15 €) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente.--

2.- Notificar dito acordo o adxudicatario facéndolle saber que ditos servizos deberán levarse a cabo con suxección o Prego de Prescripcións Técnicas que serviu de base á licitación dende o momento no que den comenzo as Obras en cuestión, cuxa adxudicación lle será comunicada oportunamente.-

Así mesmo trasladese o contido deste acordo restantes licitadores presentados para o seu coñecemento e demais efectos.-

3.-Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

5º.- Asuntos varios.-

AXUDAS SOCIAIS

Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a P. L. C., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento cincuenta euros (150,00 €) para gastos de transporte a Unidade de Drogodependencias de Carballo e Hospital de Cee, ó tratarse de persoa carente de medios económicos.--

Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. B. T. T., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade e transporte ó tratarse de persoa carente de medios económicos.--

VENDA AMBULANTE LISTA DE ESPERA

A) Visto o escrito presentado co número **2053** (RE) de **17/7/2018** por **Driss Ezzaari Haddadi**, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos de textil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda:**

1º) **Incluílo na lista de espera da venda ambulante deste concello, co número 91**, para adicarse á venda de produtos de textil.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o escrito presentado co número **2219** (RE) de **31/7/2018** por **Andrea Jiménez Jiménez**, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos de calzado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda:**

1º) **Incluílo na lista de espera da venda ambulante deste concello, co número 92**, para adicarse á venda de produtos de calzado.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Visto o escrito presentado co número **2495** (RE) de **31/8/2018** por **EI Hassane Habti Arsalan**, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos de mercaderías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

1º) **Incluílo na lista de espera da venda ambulante deste concello, co número 93**, para adicarse á venda de produtos de mercaderías.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

LISTA DE ESPERA ALIMENTACION

A) Visto o escrito presentado co número **2127** (RE) de **23/7/2018** por **Carmen Pensado Cancela**, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos de alimentación (panadería).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

1º) **Incluílo na lista de espera da venda ambulante deste concello, co número 26**, para adicarse á venda de produtos de alimentación (panadería).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

ACTIVIDADES CLASIFICADAS **APERTURAS**

A) Visto o expediente iniciado co número 1715 (RE) de 19/6/2018 por **María del Carmen Castiñeira Insua**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira, 23 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 16/7/1963, por acordo da alcaldía, concedíuselle a Ramón Castiñeira Insua, licenza de apertura de “taberna” que se localiza no baixo da edificación rúa Calafigueira (hoxe Paseo da Ribeira, 23) desta vila.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por María del Carmen Castiñeira Insua, para o inicio da actividade de “café bar” que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira, 23 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 1215 (RE) de 11/5/2018 por ETEL & PAN, S.C., con NIE: J-70.452.842 e domicilio social na Praza da Constitución, 10 desta vila, no que presenta comunicación previa de inicio de actividade de café bar e de comercio menor de artigos de adorno, menaxe, ferretería, etc, que se localiza na edificación da Praza da Constitución, 10 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta o informe favorable emitido con data 7/8/2018, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que “declarase completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa”.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por ETEL & PAN, S.C., con CIF: J-70.452.842, para o inicio da actividade de “outros café bar” e de “comercio menor de artigos de adorno, menaxe, ferretería, etc.” que se localiza na edificación da Praza da Constitución, 10 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:05 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.